



José Carlos Quiroga (Escairón, 1962) foi durante anos a ponte entre 'Revista das Letras' e o reintegracionismo. Durante anos a sección dedicada ás novidades editoriais de Portugal, aínda que as súas contribucións máis constantes desde 1993 foron as súas entregas poéticas. Autor de libros como 'Gong' –que algúns críticos consideraron un fito na poesía galega dos segundos anos noventa– ou de formatos atípicos como 'Viagem ao Cabo Nom' –no que fundía a poesía literaria e a visual–, Quiroga foi tamén narrador de fondo alento na novela 'Periferias', coa que conseguiu o Premio Carvalho Calero.

Carlos Quiroga

Autoproteica cortês (demais)

a irreverência anda-me no coração
mas som comportadinho
(demais)
e se poupo bestas e pontífices
como nom vou poupar (demais) escritores
indignos & poetastros bobos & bobas
nom os quero nem por enemigos
e, contodo, compadreo mexericas nunca
fútil furto-me forte
prefiro padecer, abalar
em solitário com feros poemas de situação
emprestar um novo alento ao idioma assi
sem que o corpo que o respira dea por isso
–simílimos simples só–
and...
como tenho certa consciência metapoética
escrevo textos simbolistas, escrevo
para reconstruir um novo romantismo
(à galega, demais)
sobre umha base naturalista: basta
eu ter um idealismo que nom ignora
as ciências naturais
fechar os olhos pode significar
ver demais
Viva o Mac
(demais)